



Resolución da Axencia Galega de Innovación pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación final do rendemento do persoal investigador contratado por entidades alleas ao Sistema Universitario de Galicia ao abeiro das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral 2023

1. A Orde do 14 de xuño de 2023 (DOG núm. 121, do 27 de xuño), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e procedeu á súa convocatoria para o ano 2023. A dita convocatoria dispón no seu artigo 21.2 un proceso de avaliación da actividade investigadora desenvolvida.
2. O Decreto 42/2024, do 14 abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no seu artigo 1, establece que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pasa a denominarse Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no seu artigo 3, adscribe a Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
3. Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.
4. De acordo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19, do 27.01.2012), polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.
5. A Instrución 8/2025, do 12 de setembro de 2025, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ditada pola Secretaría Xeral de Universidades e pola Axencia Galega de Innovación, iniciou este procedemento de avaliación da actividade



investigadora desenvolvida. A dita avaliación foi realizada por persoas expertas alleas ao Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación facilitada polas persoas interesadas. Neste proceso rexeron os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións, e tivéronse en conta a documentación e os criterios sinalados nos puntos 5 e 6 da dita Instrución.

Unha vez finalizado este proceso, e de acordo co informe das persoas expertas correspondentes,

RESOLVO:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado por entidades alleas ao Sistema Universitario de Galicia ao abeiro das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral 2023 e emitir a certificación para as seguintes persoas investigadoras que obtiveron unha avaliación positiva:

Persoas investigadoras contratadas por entidades alleas ao SUG ao abeiro das Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral para o ano 2023				
Exp.	Entidade	Apelidos e nome	NIF	Resultado da avaliación
IN606C-2023/002	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	David García Casas	***6781**	Positiva

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen conveniente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

Rúa de Airas Nunes, s/n
15702 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 072
gain@xunta.gal
gain.xunta.gal

